**Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Ángel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez** deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O Xacobeo 2021 é un evento único, estrutural e á vez transformador, organizado e planificado desde a Xunta de Galicia, pero que conta coa participación dun gran número de entidades públicas e privadas dos máis diversos ámbitos, así como de toda a sociedade civil. Froito do carácter participativo desta celebración nace “O teu Xacobeo”, un programa de axudas específicas para a dinamización sociocultural do Camiño de Santiago e a promoción do Xacobeo.

Este programa, posto en marcha dende o 2019, reflicte o carácter participativo, diverso, descentralizado e sostible deste evento, xa que permite que todos os axentes da sociedade participen activamente no Xacobeo 2021-2022.

É a propia cidadanía a que diseña a programación a través das súas propostas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

1. Que liñas de acción ten o programa “ O teu Xacobeo”?
2. Que recursos se destinan a dito programa?
3. Que valoración se fai dende a Axencia de Turismo de Galicia da súa repercusión?

Santiago de Compostela, 11 de agosto do 2021.



**Asinado dixitalmente por:**

**Borja Vereá Fraiz na data 11/08/2021 13:21:21**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 11/08/2021 13:21:39**

**Cristina Sanz Arias na data 11/08/2021 13:22:16**

**José Antonio Armada Pérez na data 11/08/2021 13:23:12**

**Ovidio Rodeiro Tato na data 11/08/2021 13:23:26**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 11/08/2021 13:23:36**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Sandra Vázquez Domínguez na data 11/08/2021 13:23:50**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPGURK04HIQ0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

As inundacións producíronse ao longo da historia e non son un fenómeno novo. Con todo, coa paulatina ocupación das chairas de inundación, as súas repercusións son cada vez máis graves, pois se cambia a dinámica natural das concas, e é isto, unido a unha maior frecuencia de choivas intensas, fai que os estudos das inundacións e a adopción de medidas preventivas cobre cada vez máis relevancia.

Protección Civil é un axente imprescindible na xestión do risco, e así se establece nos plans de xestión do risco de inundacións que se aplican na nosa comunidade. Neles se recollen medidas que deben aplicar as autoridades e institucións competentes en materia de emerxencias, e que abarcan a previsión e prevención, a resposta e a rehabilitación.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguintes preguntas orais en comisión:

-Que avances ten efectuado a Xunta de Galicia no ámbito da protección civil en relación á xestión do risco de inundacións na nosa Comunidade Autónoma?

-Cál é o estado de implantación dos protocolos de comunicación cos organismos de cunca e axencias de meteoroloxía?

-Qué actuacións de fomento da planificación se están a levar a cabo?

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2021.





**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 11/08/2021 13:01:01**

**José Manuel Rey Varela na data 11/08/2021 13:01:19**

**María Sol Díaz Mouteira na data 11/08/2021 13:01:40**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/08/2021 13:01:52**

**José Antonio Armada Pérez na data 11/08/2021 13:02:01**

**Noelia Pérez López na data 11/08/2021 13:02:17**

**Ana Belén García Vidal na data 11/08/2021 13:02:35**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, abeiro do disposto No artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en **comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia está formado por persoal profesional, con independencia do réxime xurídico de xestión e da administración da que dependa, e por persoal voluntario organizado en Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil. Nos últimos 12 anos a Xunta de Galicia ten feito un esforzo enorme para mellorar a atención das emerxencias.

Pese a ser unha competencia fundamentalmente de carácter local (dos concellos de máis de 20.000 habitantes e das deputacións provinciais no caso dos de menos), a Xunta ten colaborado decisivamente para ampliar a rede de parques comarcais e crear unha rede de Grupos de Emerxencia Supramunicipais que permiten unha cobertura destacada en todo o territorio, así como para potenciar o voluntariado de protección civil poñendo un énfase especial na súa labor de prevención.

Dado que non abonda con impulsar a creación de novos servizos senón que ademais hai que dotalos dos recursos necesarios para levar a cabo as súas funcións no eido da atención a emerxencias: equipos de excarceración, vehículos de loita contra incendios, e outro equipamento.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Qué avances ten feito a Xunta de Galicia en relación coa dotación de material dos servizos de emerxencias?

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2021.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 11/08/2021 12:55:31**

**José Manuel Rey Varela na data 11/08/2021 12:55:46**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/08/2021 12:56:15**

**María Sol Díaz Mouteira na data 11/08/2021 12:56:24**

**José Antonio Armada Pérez na data 11/08/2021 12:56:35**

**Noelia Pérez López na data 11/08/2021 12:56:56**

**Ana Belén García Vidal na data 11/08/2021 12:57:13**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

O 16.02.2017 aprobouse no Consello da Xunta de Galicia autorizar a sinatura dun Protocolo de Colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, para a colaboración na realización das probas selectivas nos corpos da policía local de Galicia.

Posteriormente publicouse o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local. O 11 de marzo de 2019 publicouse no DOG, o decreto 20/2019, do 28 de febreiro, polo que se modifica o Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local.

Froito do Protocolo asinado coa FEGAMP e a normativa realizada pola Xunta de Galicia, foron asinados xa 82 convenios, o que supón mais do 60 % dos concellos galegos, con corpo de Policía Local, e delegadas para a súa selección á administración autonómica mais de 300 prazas da categoría de policía, 16 prazas da categoría de oficial de policía local, e superando o medio millar de auxiliares de policía local.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral Comisión:

A Xunta de Galicia foi capaz de cubrir todas as demandas de persoal dos corpos das policía locais que os concellos galegos demandaron durante o ano 2020?

Como afronta a Xunta de Galicia neste 2021 a realización dos procesos selectivos para cubrir todas as demandas dos corpos das policía locais dos concellos galegos?

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2021.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 11/08/2021 14:20:05**

**José Manuel Rey Varela na data 11/08/2021 14:27:59**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/08/2021 14:28:30**

**María Sol Díaz Mouteira na data 11/08/2021 14:28:44**

**José Antonio Armada Pérez na data 11/08/2021 14:29:19**

**Ana Belén García Vidal na data 11/08/2021 14:29:38**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Noelia Pérez López na data 11/08/2021 14:29:46**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

**Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Marisol Díaz Mouteira, Alberto Pazos Couñago, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal**, abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Pregunta oral para o seu debate en comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

A actual situación da pandemia está a acelerar os proxectos previstos en materia de modernización tecnolóxica, nomeadamente no eido da Administración de xustiza. Durante o primeiro estado de alarma, os elementos tecnolóxicos co que contan os órganos xudiciais de Galicia permitiron a celebración de xuízos telemáticos e o uso xeneralizado da videoconferencia nas actuacións xudiciais, naqueles casos en que as autoridades xudiciais así o acordaron.

Deste xeito, os medios de comunicación do Poder Xudicial facíanse eco xa naqueles primeiros meses da pandemia das deliberacións que de xeito telemático estaban a manter os tribunais galegos polo sistema de videoconferencia; e mesmo da habilitación pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica da Xunta de Galicia do sistema de telecomunicación seguro para que os profesionais da Avogacía puidesen participar de forma remota sen desprazasen ao xulgado na práctica das dilixencias urxentes e inaprazables que requirisen da súa asistencia, cando as autoridades xudiciais así o determinaron, como aconteceu nos xulgados de Pontevedra e de Ourense, entre outros.

Esta intervención telemática só é posible se existen condicións e elementos tecnolóxicos que permitan a denominada intermediación dixital, de xeito que cidadanía e os profesionais poidan relacionarse coa Administración de xustiza a través de servizos dixitais.

Sendo unha realidade que se está a impoñer e á que cabe darlle continuidade no actual escenario cara a favorecer a realización de xuízos e actuacións procesuais por medios telemáticos, é polo que os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é a actual dotación de equipamento de videoconferencias nos órganos xudiciais galegos?
2. Ten previstas a Xunta de Galicia actuacións cara a aumentar a dotación de salas de vistas que permitan o funcionamento das actuacións xudiciais dun xeito integramente dixital?



Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2021.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Prado del Río na data 11/08/2021 14:17:41**

**José Manuel Rey Varela na data 11/08/2021 14:17:59**

**María Sol Díaz Mouteira na data 11/08/2021 14:18:18**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)





**José Antonio Armada Pérez na data 11/08/2021 14:18:45**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/08/2021 14:19:03**

**Noelia Pérez López na data 11/08/2021 14:19:13**

**Ana Belén García Vidal na data 11/08/2021 14:19:25**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a política do Goberno da Xunta de Galiza en relación coas familias monoparentais.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2010 o Partido Popular na Xunta de Galiza vén anunciando a creación dun Rexistro de familias monoparentais. Porén, máis dunha década despois este rexistro aínda non existe e está en proceso de elaboración (formulación de achegas vía web) o decreto que debe regulalo.

As familias monoparentais, tanto por causas sobrevidas como por libre decisión, representan un modelo de fogar crecente no noso país e no mundo froito das mudanzas sociais que se produciron nas últimas décadas. Segundo os datos da propia Xunta supoñen no noso país arredor de 42.000.

A inmensa maioría das familias monoparentais tanto en Galiza como no conxunto do Estado español está encabezadas por mulleres, o 80%, e padecen taxas de precariedade, pobreza e risco de exclusión superiores ao do conxunto da poboación. Así, de acordo cos datos da Rede galega contra a pobreza (EAPN-Galiza) previos á pandemia provocada pola Covid-19, o 46,8% das familias monoparentais atopábanse en situación ou risco de exclusión social. Tendo en conta o impacto que tivo a crise



sanitaria sobre o conxunto das traballadoras galegas, é máis que evidente que esta situación empeorou.

Nos últimos meses varias mulleres que encabezan familias monoparentais por libre decisión gañaron xudicialmente o recoñecemento dos seus dereitos laborais, concretamente a gozar do permiso de maternidade ampliado para aproximar a súa situación á duha familia biparental. Situacións coma esta evidencian que é necesario impulsar mudanzas lexislativas e que Galiza vai tarde a respecto doutros territorios da nosa contorna como Navarra e Catalunya que contan con senllas leis de recoñemento e acreditación da monoparentalidade ou Aragón, Valencia e Cantabria que contan con ordes e decretos semellantes.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

- . Cando vai aprobar a Xunta de Galiza o decreto que regula e acredita a condición de familia monoparental?
- . Que definición recollerá a Xunta de familia monoparental?
- . Que medidas prevé incorporar de apoio e de prevención e loita contra a pobreza?
- . Cando se creará o Rexistro de familias monoparentais?

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2021





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/08/2021 09:17:45**

**Iria Carreira Pazos na data 12/08/2021 09:17:55**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/08/2021 09:18:04**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza para dar cumprimento á Lei Ángeles Alvariño para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de xullo o Diario Oficial de Galiza (DOG) publicaba a Lei 13/2021 do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

A coñecida como Lei Ángeles Alvariño obriga, entre outras cuestións, aos organismos públicos e privados a incorporar mecanismos correctores nas convocatorias de I+D+i que impiden a penalización das mulleres que deciden ser nais durante a súa carreira profesional.

O propio texto legal, a través da disposición derradeira primeira, fixa un prazo de tres meses para a adaptación a esta esixencia.

A Xunta de Galiza a través dos distintos departamentos con competencias en materia de investigación e innovación, ten unha responsabilidade enorme á hora de dar





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cumprimento a esta normativa mais tamén en servir de guieiro ás demais entidades, institucións e organismos públicos e privados.

Neste senso, sería fundamental –como así se comprometeu o propio goberno galego con InvestiGal-- que a Xunta desenvolvese unha guía para garantir o cumprimento da lei e tamén apoiar e acompañar outras institucións públicas e privadas no seu desenvolvemento.

Ademais, ten obriga de cumprir coa Lei Ángeles Alvariño nas propias convocatorias públicas que impulsa a través da Consellaría de Educación ou da GAIN.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

. Que medidas desenvolveu ou pensa desenvolver a Xunta de Galiza para dar cumprimento á Lei Ángeles Alvariño?

. Como introducirá nas súas propias convocatorias o Goberno galego os mecanismos correctores previstos na lei?

. Elaborará algún documento ou campaña a Xunta de Galiza para apoiar e asesorar no cumprimento da lei a outras institucións públicas e privadas?

. Que papel xogará a Unidade de Muller e Ciencia nesta materia?

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2021





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asdo.: Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

**Deputadas do G.P. do BNG**

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/08/2021 09:46:10**

**Iria Carreira Pazos na data 12/08/2021 09:46:13**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/08/2021 09:46:24**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a eliminación de unidades de educación infantil no CEIP Pedro Barrié de la Maza de Sada (A Coruña).

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Transcorridos 16 meses da pandemia provocada polo coronavirus que obrigou a un sobre esforzo a toda a comunidade educativa durante o curso 2020-2021, a verdadeira felicitación da Consellería de Educación chega, unha vez finalizado o curso, en forma de actuación do goberno de Feixóo, comprometendo a calidade educativa, así como as garantías de seguridade sanitaria para o curso 2021-2022 cunha nova redución das prazas de profesorado.

Anúnciase o reinicio dunha práctica que xa viña sendo habitual por parte do goberno do PP a respecto do debilitamento do ensino público galego mediante a progresiva redución de unidades escolares e de prazas docentes.

O CEIP Pedro Barrié de la Maza de Sada (A Coruña) está a vivir con desacougo a eliminación de dúas unidades de 4º e 5º de Educación infantil, pois entenden que non está xustificada e que é unha decisión que non responde a criterios educativos nin sanitarios, mais que si corta de raíz o futuro educativo do alumnado.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Este centro escolar presenta unha matrícula de ao redor de 600 alumnos e alumnas distribuídos nun centro con liña 3, cun cadro de profesorado adecuado para atender tanto as necesidades asistenciais como educativas dunha etapa tan delicada como é a educación infantil. A capacidade do centro escolar en canto a aulas e espazos interiores coma exteriores para manter unha liña 3 en todos os cursos é óptima.

Asemade, a atención ás múltiples necesidades de atención educativa xustifican o mantemento das 3 unidades para garantir a necesaria calidade educativa integradora para o conxunto do alumnado.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que informes de organización do curso 2021-2022 enviou o equipo directivo á inspección de centro? Advertían da redución de dúas unidades en 4º e 5º de EI?

. Que informes de avaliación das necesidades educativas de atención específica achegou o Departamento de Orientación do centro? Son concordantes en 5º de EI coa supresión das dúas unidades?

. Que informe presentou o inspector do centro para xustificar perante a Consellería a supresión das dúas unidade de 4º e 5º de EI e conforme que criterios pedagóxicos?

. Está a atender o goberno as demandas da comunidade educativa formuladas a través da ANPA do centro? Mantivo contacto directo con ela?

. Concorde o goberno galego coa afirmación da comunidade educativa de que a eliminación destas unidades comprometen e prexudican moi negativamente tanto o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

grupo de 4º e 5º de EI como o conxunto do alumnado de infantil do CEIP Pedro Barrié de la Maza de Sada?

. Reconsiderou a Xunta a súa proposta inicial de eliminación desta unidade escolar, á vista do alto custe pedagóxico?

. Trasladou á comunidade educativa a continuidade e permanencia das dúas liñas de 4º e 5ª de EI, contribuíndo a manter con maiores garantías o modelo educativo e de prevención sanitaria que os tempos aínda de pandemia seguen a demandar con responsabilidade?

Santiago de Compostela, 09 de agosto de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 09/08/2021 09:19:08**

**Daniel Castro García na data 09/08/2021 09:19:12**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Mercedes Queixas Zas na data 09/08/2021 09:19:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Carreira Pazos, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo,** deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita,** sobre a ampliación de potencia da subestación eléctrica de Padrón 66-20kv.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A subestación eléctrica de Padrón, asentada na avenida Camilo José Cela, 20, é a día de hoxe un foco de ruído e molestias para a veciñanza da contorna, que levan anos soportando a insalubridade destas instalacións. Algunhas destas familias contan incluso con rexistros dos niveis de ruído e vibracións que soportan diariamente nas súas casas, e que lle chegan a interferir coa súa vida diaria, nomeadamente co descanso nocturno, coas consecuencias para a saúde que lles poidan supor.

Aínda que a súa construción inicial desta subestación foi planificada nas aforas da vila, despois propio desenvolvemento urbanístico, a día de hoxe atópase incluída no núcleo padronés. Desde o BNG vimos demandando desde hai anos o seu traslado a un punto onde teña un menor impacto, mais non se produciu tal cambio por parte da empresa.

Fronte a isto, a Xunta de Galiza, concedeulle este ano a autorización para a ampliación de potencia (resolución do 21 de xaneiro de 2021, expediente IN407A 2020/48-1), desoíndo deste xeito as queixas e peticións formuladas pola veciñanza. Ademais, este trámite realizouse polo procedemento de comunicación previa,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

comunicándoselle ao Concello de Padrón posteriormente á autorización dada pola Consellería de Industria, e sen esixir máis trámites ao respecto.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. É consciente o goberno galego da situación na que se atopan as veciñas de Padrón que residen á beira da subestación eléctrica? É coñecedor da problemática de ruídos e vibracións que padecen nos seus domicilios?

. Por que se concedeu esta ampliación de potencia a pesar dos agravios que está a supor para a veciñanza e que, previsiblemente, aumentarán tras esta obra?

. Está disposta a Xunta de Galiza a demandar da empresa UFD Distribución Electricidad, S.A. unha nova localización para a subestación eléctrica de Padrón que, cumprindo con toda a normativa ambiental e de saúde pública, minimize o impacto sobre a veciñanza?

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 11/08/2021 10:14:31**

**Noa Presas Bergantiños na data 11/08/2021 10:14:35**

**Iria Carreira Pazos na data 11/08/2021 10:14:44**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a política do Goberno da Xunta de Galiza en relación coas familias monoparentais.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2010 o Partido Popular na Xunta de Galiza vén anunciando a creación dun Rexistro de familias monoparentais. Porén, máis dunha década despois este rexistro aínda non existe e está en proceso de elaboración (formulación de achegas vía web) o decreto que debe regulalo.

As familias monoparentais, tanto por causas sobrevidas como por libre decisión, representan un modelo de fogar crecente no noso país e no mundo froito das mudanzas sociais que se produciron nas últimas décadas. Segundo os datos da propia Xunta supoñen no noso país arredor de 42.000.

A inmensa maioría das familias monoparentais tanto en Galiza como no conxunto do Estado español está encabezadas por mulleres, o 80%, e padecen taxas de precariedade, pobreza e risco de exclusión superiores ao do conxunto da poboación. Así, de acordo cos datos da Rede galega contra a pobreza (EAPN-Galiza) previos á pandemia provocada pola Covid-19, o 46,8% das familias monoparentais atopábanse en situación ou risco de exclusión social. Tendo en conta o impacto que tivo a crise





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

sanitaria sobre o conxunto das traballadoras galegas, é máis que evidente que esta situación empeorou.

Nos últimos meses varias mulleres que encabezan familias monoparentais por libre decisión gañaron xudicialmente o recoñecemento dos seus dereitos laborais, concretamente a gozar do permiso de maternidade ampliado para aproximar a súa situación á duha familia biparental. Situacións coma esta evidencian que é necesario impulsar mudanzas lexislativas e que Galiza vai tarde a respecto doutros territorios da nosa contorna como Navarra e Catalunya que contan con senllas leis de recoñemento e acreditación da monoparentalidade ou Aragón, Valencia e Cantabria que contan con ordes e decretos semellantes.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Cando vai aprobar a Xunta de Galiza o decreto que regula e acredita a condición de familia monoparental?
- . Que definición recollerá a Xunta de familia monoparental?
- . Que medidas prevé incorporar de apoio e de prevención e loita contra a pobreza?
- . Cando se creará o Rexistro de familias monoparentais?

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2021







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/08/2021 09:18:50**

**Iria Carreira Pazos na data 12/08/2021 09:18:53**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/08/2021 09:19:00**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galiza para dar cumprimento á Lei Ángeles Alvariño para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 28 de xullo o Diario Oficial de Galiza (DOG) publicaba a Lei 13/2021 do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de igualdade, para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

A coñecida como Lei Ángeles Alvariño obriga, entre outras cuestións, aos organismos públicos e privados a incorporar mecanismos correctores nas convocatorias de I+D+i que impiden a penalización das mulleres que deciden ser nais durante a súa carreira profesional.

O propio texto legal, a través da disposición derradeira primeira, fixa un prazo de tres meses para a adaptación a esta esixencia.

A Xunta de Galiza a través dos distintos departamentos con competencias en materia de investigación e innovación, ten unha responsabilidade enorme á hora de dar





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

cumprimento a esta normativa mais tamén en servir de guieiro ás demais entidades, institucións e organismos públicos e privados.

Neste senso, sería fundamental –como así se comprometeu o propio goberno galego con InvestiGal-- que a Xunta desenvolvese unha guía para garantir o cumprimento da lei e tamén apoiar e acompañar outras institucións públicas e privadas no seu desenvolvemento.

Ademais, ten obriga de cumprir coa Lei Ángeles Alvariño nas propias convocatorias públicas que impulsa a través da Consellaría de Educación ou da GAIN.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- . Que medidas desenvolveu ou pensa desenvolver a Xunta de Galiza para dar cumprimento á Lei Ángeles Alvariño?
- . Como introducirá nas súas propias convocatorias o Goberno galego os mecanismos correctores previstos na lei?
- . Elaborará algún documento ou campaña a Xunta de Galiza para apoiar e asesorar no cumprimento da lei a outras institucións públicas e privadas?
- . Que papel xogará a Unidade de Muller e Ciencia nesta materia?

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2021





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 12/08/2021 09:47:13**

**Iria Carreira Pazos na data 12/08/2021 09:47:16**

**Olalla Rodil Fernández na data 12/08/2021 09:47:26**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

